

Proxecto E-Dixgal

CEIP PLURILINGÜE DE TARRÍO

Curso 2015/2016



1. Introducción descriptiva do contexto do centro.

Centro:	CEIP Plurilingüe de Tarrío		
Enderezo:	As Paxariñas, 72		
Localidade:	Tarrío	Código Postal	15189
Concello:	Culleredo	Provincia	A Coruña
Teléfono:	981677657	Fax:	981648915
Correo electrónico:	ceip.tarrío@edu.xunta.es	Código centro	15005828
Web:	http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdetarrío/		

O CEIP de Tarrío está situado en Culleredo, concello limítrofe co de A Coruña, no que se poden distinguir dúas zonas: unha zona urbana, en continuo crecemento e cunha grandísima densidade de poboación e que comprende as parroquias de O Burgo, Rutis e Almeiras –que son as máis próximas ó concello de A Coruña- e , unha zona rural cunha densidade de poboación moi baixa que non alcanza os 100 hab./km² (as parroquias de Castelo, Celas, Ledoño, Orro, Sésamo, Sueiro e Veiga) salvo a parroquia de Culleredo onde está Tarrío a capital do concello.



O estado do edificio é bo xa que foi renovado recentemente e a estas melloras hai que engadir unha moi substancial a Consellería realizou o cambio de todo o sistema eléctrico do centro e instalación da rede de datos en todas as dependencias o que posibilita a conexión a internet desde calquera punto e o funcionamento da intranet.

Consta de dous edificios, un destinado a aulas e outro destinado a Administración e biblioteca:

ADMINISTRACIÓN-BIBLIOTECA: Nela hai as seguintes dependencias:

- Admón-Conserxería
- 2 servizos
- Local Anpa
- Biblioteca: lectura e consulta.
- Reprografía
- Xefatura de Estudos
- Dirección
- Secretaría
- Sala de estar profesores

AULARIO: Neste edificio hai 3 plantas:

	NORTE	CENTRAL	SUR
PLANTA BAIXA	<ul style="list-style-type: none"> • 6 aulas (4 con servizos incorporados) • 2 servizos alumnado • Titoría E. Infantil • Despacho Orientación 2 	<ul style="list-style-type: none"> • 2 servizos alumnos • 2 servizos profesores • Servizo minusvalías • Ascensor • Local limpeza • Taquillas alumnado 	<ul style="list-style-type: none"> • Comedor con zona primaria e zona infantil • 2 espazos persoal de cociña: duchas, taquillas, servizos • despacho encargada comedor • cociña
1ª PLANTA	<ul style="list-style-type: none"> • Sala de audiovisuais • 3 aulas • 2 Aulas apoio • Espazo RACK 	<ul style="list-style-type: none"> • 2 servizos alumnos • 2 servizos profesores • Ascensor • Aula música • Aula Informática • 3 aulas 	<ul style="list-style-type: none"> • 4 aulas • Dep. Orientación • Titoría Orientación • Aula PT • Local limpeza
2ª PLANTA	<ul style="list-style-type: none"> • 5 aulas • Aula de plástica • 2 espazos A. Educativa • 1 Aula medioambiente 	<ul style="list-style-type: none"> • 2 servizos alumnos • 2 servizos profesores • Ascensor • 6 aulas • Aula desdobres 	

Un repaso ás infraestruturas informáticas do centro axuda a explicar o traballo diario que se está a levar á cabo en materia da competencia dixital dos nosos alumnos e alumnas:

- Contamos con acceso a internet por cable en todas as aulas e dependencias do centro. Nas aulas Abalar contamos con acceso mediante Wifi.
- Todas as aulas do centro contan con encerado dixital interactivo, proxector e computador portátil.
- As aulas de Ed. Infantil, 1º, 2º, 3º e 4º contan, ademais, con un pc con acceso a internet para uso do alumnado.
- 7 aulas Abalar con videoproxector, encerado interactivo e computador para o profesorado. Un “netbook” por alumno conectado a rede wifi Abalar.



- Aula de informática dotada con 26 computadores conectados en rede e un encerado dixital interactivo con videoproxector. Impresora en rede e escáner.



- Aula de música con videoproxector e computador portátil.
- Aula de plástica con videoproxector, pantalla e computador portátil.
- Aula de audiovisuais con videoproxector, pantalla, reprodutores de vídeo e DVD, equipo de son.

- Sala de profesores/as con catro computadores e impresora-fotocopiadora-escáner a cor conectada en rede.
- Biblioteca con videoproxector, pantalla e equipo de son. Anexa á biblioteca: sala de consulta con 6 computadores conectados en rede e impresora.



- Departamentos, titorías e administración con computadores e impresoras en rede.

2. Xustificación

Para vivir, aprender e traballar con éxito nunha sociedade cada vez máis complexa e rica en información vaise tornando imprescindible utilizar a tecnoloxía eficazmente. As TIC chegaron a ser un dos puntos básicos da sociedade de hoxe, é necesario, por tanto, proporcionar ao cidadán unha educación que teña en conta esta realidade.

Esta emerxente sociedade da información, impulsada por un vertixinoso avance científico e sustentada polo uso xeneralizado das tecnoloxías da información e da comunicación, conleva cambios que alcanzan tódolos ámbitos da actividade humana. Os seus efectos maniféstanse de xeito moi especial nas actividades laborais e en especial no mundo educativo, onde todo debe ser revisado, dende a razón de ser da escola e demais institucións educativas, ata a formación básica que precisamos o profesorado, así como o xeito de ensinar e de aprender, as infraestruturas e mesmo a estrutura organizativa dos centros e a súa cultura.

A escola debe integrar tamén a nova cultura: a alfabetización dixital; como fonte de información, como instrumento de produtividade para realizar traballos e materiais didácticos, como instrumento cognitivo.... Obviamente, a escola debe achegar aos

estudantes a cultura de hoxe, non a cultura de onte. Por iso é importante a presenza na aula das TIC dende os primeiros cursos, como un instrumento máis, que se utilizará con finalidades diversas: lúdicas, informativas, comunicativas, instrutivas.

O proxecto que presentamos nace coa intención de seguir cambiando o concepto de centro educativo tradicional polo de centro educativo dixital, xa que o que perseguimos é dispoñer dos recursos humanos e pedagóxicos, así como das infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa.

Está claro que na Sociedade da Información e das Novas Tecnoloxías na que estamos camiñando a importancia que deben ter estas ferramentas na práctica docente diaria ten que ser cada vez maior.

O alumnado de Infantil e Primaria de hoxe en día nace xa tendo acceso a novos equipos e ferramentas que fan que a súa motivación para aprender con estas tecnoloxías sexa moi superior á que lle ofrece o uso exclusivo do papel e do lapis. Non hai alumnos/as desmotivados, senón métodos que non son totalmente adecuados ás súas características.

Asemade na vida diaria atopámonos en infinidade de ocasións coas novas tecnoloxías como medio imprescindible para desenvolvernos na sociedade actual. Faise polo tanto case que imposible preparar aos homes e mulleres do futuro coas ferramentas do pasado. A escola e o noso centro non poden permanecer alleos ás novas necesidades que demanda o noso mundo.

É polo tanto imprescindible assimilar estes cambios, que se producen na sociedade, dentro da escola, xa que esta ten como último propósito formar persoas que se integren na sociedade do seu tempo.

Na lexislación vixente aparece recollida a importancia e aplicación das TIC no ensino, resaltando, entre outras, as seguintes referencias:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, (LOE). Art. 17: *“Iniciarse en la utilización, para el aprendizaje, de las tecnologías de la información y la comunicación...”*
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro (LOMCE). Punto XI do preámbulo: *“...La incorporación generalizada al sistema educativo de las Tecnologías de la Información y la Comunicación (TIC)...”*

- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Sinala dentro das competencias clave (Art. 5) a Competencia Dixital. E dentro dos obxectivos da educación primaria (Art. 3) indica, entre outros: *“Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.”*

3. Obxectivos.

Obxectivos específicos:

1. **Introdución e desenvolvemento das TICs como contido de aprendizaxe:**
 - Coñecemento e aprendizaxe de uso dos materiais dixitais do proxecto por parte do profesorado e alumnado.
 - Integrar linguaxes multimedia ás dinámicas escolares.
 - Preparar os nosos alumnos para o futuro a través do uso educativo dos medio de información e comunicación.
2. **Utilización das TICs como recurso e instrumento para aprender os contidos das áreas do currículo, integrando os materiais dixitais nas actividades da aula:**
 - Integración dos materiais dixitais nas distintas actividades das programacións da aula, como un recurso máis que pode ser utilizado no desenvolvemento das mesmas.
 - Utilización dos materiais dixitais do proxecto como medio que favorece os procesos de integración e comunicación dos alumnos e como medio de desenvolvemento da súa creatividade.

Obxectivos co alumnado:

- Formar ao noso alumnado no uso responsable das TICs como fonte de información, de coñecemento e de autoaprendizaxe.
- Acadar a alfabetización dixital do alumnado ensinándolles a selección e tratamento crítico da información que chega a través da rede e do libro dixital.
- Coidar e facer un uso correcto do material.
- Usar programas e contornos que faciliten a aprendizaxe e adquisición de habilidades, destrezas e coñecemento, aumentando a motivación do alumnado.
- Usar as TICs como medio de creación, integración e potenciación de valores sociais e expresión de ideas con liberdade de expresión, tolerancia e respecto.
- Potenciar o traballo en grupo.
- Uso de internet, ferramentas web 2.0, foros de discusión, descarga e descomprensión de arquivos, ...
- Desenvolvemento das actitudes de traballo compartido en colaboración.

Obxectivos co profesorado:

- Uso do libro dixital na programación de aula e na preparación das clases.
- Desenvolver accións para familiarizar ao alumnado no uso do EVA e os libros e materiais dixitais.
- Coñecer e utilizar as ferramentas do libro dixital, achegando as súas competencias ao crecemento destas e adoptando as actitudes de respecto,

participación, esforzo e colaboración que posibiliten a creación de producións colectivas.

- Cambiar a metodoloxía do proceso de ensino-aprendizaxe por unha metodoloxía máis activa e motivadora para o alumnado.
- Uso das Tic como medio facilitador para incorporar novas prácticas docentes máis conformes co alumnado e a sociedade actuais e como medio para elaborar materiais de traballo para o alumnado.
- Mellora da atención á diversidade, fomentando a aprendizaxe autónoma co uso das ferramentas axeitadas.
- Manexo e utilización do libro dixital nas diversas materias de ensino-aprendizaxe tanto na búsqueda de información coma no seu tratamento posterior para a realización de traballos por parte do alumnado e preparación de material didáctico por parte do profesorado.
- Actualización adquisición por parte do profesorado duns coñecementos teóricos e prácticos en relación coas TIC.
- Fomentar o traballo en grupo.
- Introducir as TICs no ensino de forma xeneralizada e innovadora, analizando os cambios que supoñen para o profesor, como mediador nos procesos de ensino-aprendizaxe.
- Coñecer os riscos e posibilidades educativas das TICs na súa utilización pedagóxica.

Obxectivos cos pais e nais:

- Potenciar a comunicación coa Comunidade Educativa e o contorno do uso dos materiais dixitais nos seguintes anos.
- Promover o acceso a equipamento en forma gratuita coa preocupación de saldar unha das principais distancias que xeneran as desigualdades económicas e de fortalecer a escola cunha oferta educativa axeitada aos tempos que corren.

Obxectivos globais do centro:

- Usar as TIC e o libro dixital como ferramenta didáctica na labor docente, incluíndoa dentro das nosas estratexias no proceso ensino-aprendizaxe.
- Desenvolver protocolos de utilización dos equipos e o entorno virtual de aprendizaxe.
- Sistematizar o uso dos recurso informáticos como apoio, reforzo e desenvolvemento das actividades básicas do currículo. Continuar o proceso de formación do profesorado no coñecemento e uso de programas e recursos educativos de internet.
- Desenvolver no alumnado o uso crítico das TICs como medio para acceder á información, coñecementos e servizos, avaliando as vantaxes, inconvintes ou limitacións.

- Colaborar coa comunidade educativa no coñecemento das TICs e o seu uso educativo.
- Recoñecer o libro dixital como un elemento cotián do nos ámbito.
- Fomentar o cambio na metodoloxía do traballo da aula.
- Seleccionar os recurso educativos dixitais e contidos que xa existen para traballar na aula.
- Levar a cabo unha comunicación con outros centros participantes no proxecto.
- Potenciar a comunicación coa comunidade educativo e o seu ámbito: cadernos de pais e nais, páxina web, correo electrónico, ... para difundir diferentes informaicións coa ANPA, as familias, etc.
- Potenciar actividades de participación de toda a comunidade educativa.

4. Experiencia educativa coas tic no centro.

O noso centro nos últimos anos apostou pola integración das TIC levando a cabo unha progresiva incorporación destas ferramentas á practica cotiá do colexio. Xestión administrativa, comunicación coa comunidade educativa, actividade docente, ...:

- ✓ Realizamos toda a xestión académica co programa XADE.
- ✓ Xestionamos a Biblioteca Escolar co programa Meiga, tanto no que se refire a catalogación como o sistema de préstamo.
- ✓ As comunicacións coa comunidade educativa, pais/nais, claustro, consello escolar realízanse mediante o correo electrónico, páxina web, sms, ... sempre que sexa posible.
- ✓ Mantemos actualizada a páxina web do centro coa información máis relevante do centro: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdetarrio/>



- ✓ Todos os grupos, excepto os do 3º ciclo (que teñen aulas Abalar), dispoñen dunha hora semanal para asistir á aula de informática que conta con 26 postos, así como videoproxector e EDI.
- ✓ Todas as aulas do centro contan con encerado dixital interactivo, portátil e videoproxector con acceso a internet, o que posibilita acercar as ferramentas TIC ao alumnado dentro da súa propia aula.
- ✓ Formamos parte do Proxecto Abalar dende os seus inicios, no ano 2010, contando na actualidade con 7 aulas Abalar.
- ✓ Facemos un uso continuado da Aula Virtual que temos dentro do proxecto “Webs dinámicas”, tanto para o alumnado (fundamentalmente de 3º Ciclo) como para o profesorado.
- ✓



- ✓ Contamos con 4 blogs na actualidade, estando programada para o vindeiro curso a posta en marcha de outros tres.

Cousas da clase. 3º Ciclo de Primaria: <http://sondaescola.blogspot.com.es/>




Trotamundos de 6º B: <http://reporteros5btarrío.blogspot.com.es/>



English in Tarrío: <http://tarríoenglish.blogspot.com.es/>



4º de Primaria: <http://mola4b.blogspot.com.es/>



- ✓ Formamos parte do PLAMBE dende o curso 2006/2007 co proxecto “Corazón de tarrío.e” que contempla varios obxectivos relativos as TIC.
- ✓ Todos os anos xestionase dende a Biblioteca a realización dun “Proxecto Documental Integrado” no que participa todo o alumnado.
- ✓ Comezamos este curso a usar “Google Apps para educación” tanto co alumnado do 3º Ciclo, como co profesorado.
- ✓ Leváronse a cabo nos últimos anos diversas actividades de formación relacionadas coas TIC, tal como se recolle nun apartado posterior, participando a maioría do profesorado.

5. Modelo organizativo e metodolóxico previsto para o desenvolvemento do proxecto e para garantir a súa continuidade.

Entendemos que este proxecto ven a reafirmar unha forma de traballar diferente, innovadora e motivadora para os alumnos/as, xa iniciada coa implantación do proxecto Abalar. Ademais está baseada no traballo colaborativo, cada mestre achega contidos da súa materia, polo que non supón unha carga de traballo para ninguén. É flexible, cada mestre/a fai as súas achegas sobre os contidos que máis lle interesan ou sobre os cales está a traballar.

Dende o principio vimos empregando a Aula Virtual do proxecto “Webs Dinámicas” polo que os alumnos/as están familiarizados con “Moodle”, o que lles facilitará o uso do “EVA”. Esta plataforma vese complementada polo uso de “Google Apps para educación” que iniciamos este curso. As vantaxes e motivos polos que decidimos utilizala son as seguintes:

- Os alumnos alfabetízanse dixitalmente.
- Traballa non contexto de colaboración, onde no só sos mestres podemos resolver as súas dúbidas ou formular cuestións, senón que tamén eles como alumno/as poden facelo.
- Ademais de realizar asignacións con tarefas que logo poderemos cualifica, podemos colgar arquivos, enlaces a páxinas web, subir imaxes, vídeos, ... Os alumnos tamén poden facelo e deste xeito mostrar contido que a eles lles guste, compartíndoo cos demais.
- O ensino realízase de forma individualizada. Podemos asignar distintas tarefas a cada alumno/a. Podemos enviar un traballo que todos teñan que realizar ou tarefas concretas para reforzar ou ampliar contidos de forma individual.
- É un entorno privado, só poden acceder aos comentarios e á información que se mostra os alumnos/as que formen parte do dominio.
- Non ten publicidade.

En canto aos materiais educativos utilizados nas aulas Abalar, unha vez reunidos os equipos docentes realizaremos a adecuación dos distintos tipos de materias para cada curso, facendo unha relación de aqueles cos que xa contamos e os materiais que nos ofrecen as editoriais ou que podemos obter da rede baixo a licenza Creative Commons, seleccionándose e decidindo cales se van a empregar en cada trimestre, así como a posibilidade de elaboración de materiais educativos virtuais propios.

Ademais nas aulas Abalar utilizamos o servidor do centro, as ferramentas instaladas nos “netbooks”, blogues, etc.

5.1.-Organización dos recursos humanos:

Todo o profesorado do centro atópase implicado no Proxecto e con ansias de poder formar parte do proxecto E-Dixgal, comprometéndose a poñelo en marcha, desenrolalo e levalo á practica asegurando a súa permanencia no tempo, ademais de estar disposto a participar no Proxecto de Formación sobre E-Dixgal coas temáticas especificadas, así como nas accións formativas que se programen para os centros da Rede Abalar que participan no proxecto de cara a unha maior eficacia no desenrolo do proxecto.

Os profesores/as titores/as de 5º e 6º de E. Primaria así como o resto do profesorado que imparte materias neste nivel comprométese a levar a cabo o Proxecto, involucrándose de maneira activa e participativa na súa posta en marcha e

posterior desenrolo. Reuníndose con periodicidade para avaliar o proceso, comentar os problemas que vaian xurdindo e ver posibles solucións, consensuar o tipo de actividades que se van a realizar.

5.2.-Organización dos recursos espaciais e materiais:

Os espazos onde se vai a levar á cabo o proxecto son as aulas Abalar de 5ºA, 5º B, 5º C e 5º D, situadas na 2ª planta. Todas elas xa cos elemento da aula abalar.

Elaboráronse unhas normas de uso do material co obxecto de manter este material en perfecto estado evitando na medida do posible avarías derivadas do mal uso. A cada alumno asignaráselle un ordenador ultraportátil e sempre emprega o mesmo.

Tamén se estableceu un protocolo para o reparto de portátiles coa pretensión de rentabilizar o tempo e evitar desperfectos por aglomeracións á hora da retirada ou recollida dos equipos.

5.3.- Organización temporal:

Dentro da aula cada profesor seguirá un horario establecido no centro e plasmado na Programación Xeral Anual, e dentro del debe marcar os tempos que dedicará a realización das distintas actividades virtuais, a utilización do software dispoñible, a búsqueda de información, a creación de novas actividades virtuais, ... segundo establezan na súa programación.

5.4.- Metodoloxía:

A introdución dos recursos TIC na aula non garanten por si solos a súa eficacia, senón que esta depende da metodoloxía empregada.

Por iso a metodoloxía utilizada será activa e participativa.

A nosa proposta metodolóxica está baseada nos seguintes principios:

- Principio de actividade do alumno.
- Principio de descubrimento: descóbrese mediante a intuición (o coñecemento directo).
- Principio de flexibilización: non todos os alumnos teñen o mesmo ritmo e iso temos que respectalo.
- Principio de individualización: en estreita relación co principio anterior teremos presente as distintas posibilidades de cada neno/a.
- Principio de socialización: fomentaremos a autonomía persoal, ao mesmo tempo que aprende a respectar e vivir cos demais.
- Principio de motivación: fundamental para a construción de calquera aprendizaxe significativa.

Estes principios determinan as pautas de actuación que rexerán a nosa intervención educativa, sempre axeitada e axustada ás necesidades do alumno/a. Así pretendemos:

- Espertar o interese do alumno co uso do EVA.
- Estimular a súa curiosidade e o seu interese na resolución de conflitos.
- Utilización de métodos activos baseados na experiencia e investigación do propio alumno.
- Tratamento interdisciplinar dos temas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Utilizar unha variada gama de recursos que aporten información e faciliten o manexo dos ordenadores e a realización das actividades.
- Adaptacións dos temas ás necesidades especiais de certos grupos de alumnos.

6. Actividades de formación permanente e outras relacionadas coas TIC desenvolvidas no centro.

Nestes últimos anos leváronse a cabo diferentes actividades de formación relacionadas coas TIC, entre as que cabe salientar:

- Grupo de traballo: “Do pizarrillo ás TICs”
- Grupo de traballo: “Colgados na rede”
- Grupo de traballo: “Avaliación dixital das competencias básicas”
- Obradoiro Abalar.
- Curso: “Integración das TIC nas aulas”.
- Proxecto de formación e asesoramento en centros: “Abalar. Da aula de informática á informática na aula.”
- Plan de formación permanente do profesorado. (Plan bianual no que se traballaron, entre outros, contidos relacionados coas TIC)
- Charlas informativas cos pais e nais do alumnado sobre o proxecto Abalar e o uso do Espazo Abalar.
- Todos o anos se realiza unha charla informativa en colaboración ca Garda Civil sobre os riscos e bo uso de internet para o alumnado e para os pais e nais.
- Participamos no programa “Navega con rumbo”

7. Tipo de conexión á rede.

A conexión á rede é a proporcionada pola Xunta, ADSL, a través da empresa R cunha velocidade de baixada nominal de 8 Mbps e real, comprobado co velocímetro da Xunta, de 6,09 Mbps.



Todas as aulas están cableadas contando con dous puntos de acceso á rede. As aulas Abalar contan con un punto wifi cada unha delas.

8. Avaliación interna do proxecto.

A avaliación é unha ferramenta imprescindible que en continuo proceso de feedback ou retroalimentación axuda a detectar os posibles erros ou deficiencias no programa para así poder introducir as modificacións precisas que contribúan á mellora e progresivo perfeccionamento do mesmo.

Atenderá a todos os elementos que conforman o proceso (alumnos, profesores, familias, espazos, actividades, materiais, ...)

A avaliación levarase a cabo durante o desenvolvemento de todo o programa, ao inicio do mesmo, para analizar o punto de partida dos distintos elementos que o compoñen, (avaliación inicial), durante o seu desenvolvemento (avaliación continua) para detectar fallo e/ou resultados por debaixo das expectativas previstas co obxecto de introducir as modificacións que se consideren oportunas (avaliación formativa), e ao final do programa (avaliación sumativa) para ver en que medida se conseguiron os obxectivos previstos, a maneira en que o programa axudou ou non na adquisición das distintas competencias do noso alumnado, se as actividades realizadas foron axeitadas, se se utilizaron con aproveitamento as ferramentas que nos ofrece a edición dixital, se a metodoloxía empregada foi adecuada, se se fixo partícipe do programa a toda a comunidade educativa, ...

Realizarase polo tanto unha avaliación periódica, formativa, continua e sistemática a diferentes niveis, con implicación de diferentes axentes, dirixida aos diversos sectores que conforman a comunidade educativa e coa utilización de metodoloxía específica.

PERIODICIDADE:

MENSUAL	Cada 2º mércores de mes segundo consta na Programación Xeral Anual celébrase reunión de ciclos. Na reunión do 3º ciclo realizarase o seguimento do Proxecto E-Dixgal, avaliando os axentes persoais, materiais, incidencias, problemas, ... detectados e posibles solucións.
TRIMESTRAL	Coincidindo coas sesións de avaliación do 31 Ciclo farase especial fincapé, dentro do apartado das competencias básicas, na “competencia dixital” e na de “aprender a aprender” . Valorarase:

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ O grao de progreso curricular do alumnado e a consecución dos obxectivos específicos na correspondente programación de nivel. ▪ Medida na que a utilización das ferramentas TIC facilita e propicia unha nova metodoloxía para o acceso a novas formas de coñecemento acorde coa sociedade actual e da cara a mellora da calidade educativa. ▪ O nivel de coordinación e sintonía entre o profesorado comprometido neste proxecto co fin de conseguir un alto nivel de cohesión e unificación de criterios.
ANUAL	<p>A avaliación do desenvolvemento do proxecto e do nivel de consecución dos obxectivos previstos realizarase paralelamente á Memoria Anual.</p> <p>O coordinador do proxecto, o profesorado do equipo de 5º, o equipo de TICs, a Comisión de Coordinación Pedagóxica e o Departamento de Orientación valorarán críticamente a consecución dos obxectivos e farán propostas de mellor e/ou cambios de cara ao próximo curso.</p>

SECTORES IMPLICADOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

SECTORES	AVALIACIÓN
ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Ao inicio do programa: <ul style="list-style-type: none"> • Avaliación inicial para analizar o nivel de competencia do alumnado no uso de materiais dixitais. • Recoller información sobre os intereses e inxerencias do alumnado. ✚ Análise das estatísticas de cada avaliación por parte do equipo de ciclo para verificar a coherencia cos estándares mínimos esixibles nas programacións de nivel, facendo especial fincapé na evolución do coñecemento, a adecuación das actividades virtuais realizadas, os agrupamentos, o uso que fan dos ordenadores, ... ✚ Observación directa e sistemática por parte do profesorado mediante rexistros acumulativos de diversos aspectos nas rutinas de aula (actitudes do alumnado ante a utilización de novo material, ...) ✚ Cuestionario que considere aspectos diversos sobre o grao de satisfacción por parte do alumnado coa nova metodoloxía. ✚ Buzón de queixas para abrir cada profesor-titor e comentar en asembleas de clase. ✚ Realizar unha enquisa en xuño para coñecer o grao de satisfacción polo emprego dos materiais dixitais e comprobar a relación existente cos resultados académicos

	<p>obtidos.</p>
<p>PROFESORADO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Facer unha avaliación inicial de uso de materiais dixitais para valorar o punto de partida do uso e coñecemento das novas ferramentas e detectar as necesidades formativas do profesorado ✚ Cada 2º mércores de mes, nas reunións de ciclo, o profesorado valorará o progreso na consecución dos obxectivos, a adecuación das actividades e analizará os problemas que xurdiran na utilización da plataforma dixital, que se recollerá na correspondente acta. ✚ Analizar obxectivos, contidos e actividades de cada unha das ferramentas TIC empregadas, comprobando o grao de consecución, adecuación e integración nas concrecións curriculares. ✚ Diseñar follas de rexistro nas que plasmar: <ul style="list-style-type: none"> • Os diversos aspectos organizativos do proxecto co fin de rexistrar deficiencias e propostas de mellora. • Os materiais multimedia creados, estado, necesidade de renovación e/ou ampliación. ✚ Valorar o grao de implicación (asistencia ás reunións, coordinación, aceptación de acordos, disposición, ...) e satisfacción do profesorado (enquisa) no uso das TIC. ✚ Adaptar o proxecto aos datos obtidos.
<p>FAMILIAS</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✚ Realización en setembro dunha 1ª reunión da dirección do centro, titores e coordinador TIC coas familias do alumnado de 5º nivel para informar do Proxecto E-Dixgal (significado, obxectivos, organización, vantaxes, implicación dos pais e nais, ...) Rexistrar dúbidas, inquedanzas, ✚ Comprobar o grao de achegamento, participación e implicación no proxecto recabando información entre o alumnado. ✚ Valorar o grao de satisfacción das familias mediante unha enquisa cuberta a fin de curso.
<p>ÓRGANOS COLEXIADOS</p>	<p>Mediante un proceso de autoavaliación, os órganos colexiados (Claustro e Consello Escolar), farán valoración conxunta semestralmente do grao en que, segundo as súas competencias, facilitan e colaboran activamente no desenvolvemento do Proxecto E-Dixgal nos seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Propostas específicas sobre este proxecto para incorporar ao PEC. • Análise do funcionamento do proxecto, evolución do rendemento escolar do alumnado. • Inversións do orzamento do centro. • Aportacións á PXA e á Memoria de fin de curso.

9. Consideracións finais.

O camiño recorrido ata agora na incorporación das TIC á práctica diaria docente, a vontade de traballo do noso claustro, o gratificante alumnado co que contamos e a implicación das súas familias na vida do centro son os elementos motivadores que nos moveron a solicitar o proxecto E-Dixgal. En definitiva solicitamos este proxecto porque:

- ✓ A totalidade do profesorado de 5º está disposto a traballar no proxecto e a participar nas actividades de formación que nos oferten.
- ✓ Existe unha boa disposición por parte de todo o profesorado cando se propoñen actividades para dinamizar e potenciar o uso das TICs no colexio, polo que contamos con esa mesma disposición e acollida para este novo compoñente das TICs no noso centro.
- ✓ Consello Escolar do centro mostrouse moi interesado na realización do Proxecto.
- ✓ Comprometémonos a levar a cabo o Proxecto e a garantir a súa continuidade no tempo.
- ✓ Pretendemos integralo dentro do marco das TICs do colexio como una ferramenta máis de dinamización e impulso das mesmas no noso centro.
- ✓ Porque estamos traballando coas novas tecnoloxías na medida das nosas posibilidades e os resultados obtido son altamente satisfactorias.
- ✓ alumnado de 5º e 6º xa leva traballando nun entorno similar ao do EVA varios anos nas aulas Abalar.
- ✓ Queremos mellorar o modelo educativo do centro a través de ferramentas que supoñan innovación, desenrolo e progreso.
- ✓ Supón un cambio de metodoloxía e parécenos un complemento ideal para o traballo por proxectos que xa temos iniciado.
- ✓ Pretendemos conseguir a máxima satisfacción e participación das familias e, en definitiva, de toda a Comunidade Educativa.
- ✓ Contamos coa infraestrutura necesaria para a súa implantación.